



RESOLUCIÓN DA SELECCIÓN DE PROXECTOS DO FONDO DE PROXECTOS CULTURAI XACOBEO 2021

Modalidade: Xacobeo, turismo, xeografía, paisaxe, gastronomía, usos e costumes sociais

I ANTECEDENTES

1 Mediante a Resolución do 22 de maio de 2020, da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura e Turismo, aprobáronse as bases para presentar creacións culturais, bens ou servizos de consideración análoga, coa finalidade de configurar un fondo de contidos creativos de interese cultural e artístico, lingüístico e turístico denominado Fondo de proxectos culturais Xacobeo 2021(Fondo X21).

2 O anuncio da convocatoria e as bases publicáronse na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística o 23 de maio de 2020 para que as persoas destinatarias presentasen as súas iniciativas que, segundo a base 9 da indicada convocatoria, son as persoas físicas ou xurídicas que teñan plena capacidade de obrar e que non estean incursas nalgunha prohibición de contratar, que teñan domicilio fiscal na Comunidade Autónoma galega e que acrediten que as actividades profesionais das persoas físicas ou o obxecto social das persoas xurídicas inclúen a xestión cultural e/ou artística, en concreto:

- a) Empresas culturais e/ou artísticas
- b) Cooperativas culturais e/ou artísticas
- c) Entidades ou institucións privadas de carácter cultural e sen ánimo de lucro que contén con persoal empregado nas súas estruturas organizativas
- d) Profesionais do sector cultural e artístico galego

II CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

1 A base 12 da convocatoria prevé que a selección de proxectos será realizada por unha comisión técnica de análise integrada por tres persoas expertas designadas





pola persoa titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura e Turismo para cada modalidade das previstas nestas bases.

2 O día 27 de maio de 2020, mediante un acordo do secretario xeral de Política Lingüística, nomeáronse as persoas técnicas que integran as tres comisións técnicas das tres modalidades do Fondo Xacobeo 2021. Na primeira das tres modalidades inclúiranse os proxectos musicais, audiovisuais e de artes escénicas. Na segunda terán cabida os proxectos para dinamizar a lingua galega, o patrimonio cultural e os proxectos editoriais, literarios e expositivos. A última das modalidades está dirixida ao ámbito xacobeo, turístico, xeográfico, paisaxístico, gastronómico e de usos e costumes sociais.

A convocatoria prevé que os proxectos seleccionados se publicarán periodicamente para cada modalidade mediante unha resolución do secretario xeral de Política Lingüística na web www.lingua.gal. Nela indícarase, por orde de prelación, a puntuación obtida por cada proxecto seleccionado. Tamén se publicarán os proxectos non seleccionados e, de ser o caso, os motivos de desistencia ou rexeitamento.

A publicación dos proxectos seleccionados non xerará dereitos económicos en favor das persoas interesadas ata que se formalice a adxudicación administrativa e, de ser o caso, o contrato correspondente, de acordo coa normativa contractual que resulte de aplicación.

En virtude do exposto, e de acordo co informe de valoración de cada proxecto e o protocolo de actuación do 1 de xuño de 2020 da comisión técnica de análise dos proxectos para obxectivar os criterios de selección,

RESOLVO:

1 Seleccionar os proxectos da modalidade de Xacobeo, turismo, xeografía, paisaxe, gastronomía, usos e costumes sociais que a continuación se indican e, así mesmo, iniciar os trámites para a súa contratación:





SOLICITANTE	OBXECTO / TÍTULO	FORMATO	ORZAMENTO
JOSÉ LEIS MARTÍNEZ	<i>Noite de ritos</i> , espectáculo multidisciplinar e dinámico baseado na recreación de ritos e lendas galegas vencelladas á auga, lume, pedras e sol sobre a personaxe da moura, para celebrar o 19.09.2020 (véspera do equinoccio) no Promontorio Nerio (Fisterra, fin do Camiño).	PRESENCIAL / MATERIAL	3.998,59
MÓNICA SEOANE CASTROMIL	<i>20xvinte edición especial XACOBEO</i> , compra de 1000 exemplares dun número especial desta guía turística trilingüe (galego, castelán e inglés) de 12000 exemplares de tirada que se distribúen gratuitamente en aloxamentos turísticos.	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS	3.999,00
POLO CORREO DO VENTO SC	<i>Protexendo o Camiño</i> (1000 exemplares da publicación didáctica homónima dirixida á familia e á infancia) + 14 sesións de contacontos ilustrados.	PRESENCIAL / MATERIAL	10.000,00
BEGOÑA GONZÁLEZ AGUIAR	<i>Descubriendo o Camiño de Inverno. Guía activa para o público infantil e xuvenil</i> , proxecto en formato pdf destinado a poñer en valor e divulgar o último itinerario incorporado ás rutas xacobeas oficiais.	DIXITAL	4.000,00
LA MELONA AC	<i>Portas do Camiño, Portas da Cultura</i> , 4 concertos en directo e 4 gravacións audiovisuais de 30' cada unha para desenvolver os días 18 e 19 de setembro de 2020 co obxectivo de poñer en valor as entradas da ruta Xacobeá á cidade do Apóstolo reivindicando tamén outros fitos e acontecementos históricos vencellados á identidade cultural de Santiago de Compostela.	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS	10.000,00
A LABERCA PRODUCCIÓN S L	<i>Canteiros, os demiúrgos da pedra</i> , vídeo-documental de 60' de duración en formato HD sobre os usos e costumes sociais, centrado no mundo dos canteiros e na súa xerxa e na súa pegada no Camiño de Santiago.	DIXITAL	10.000,00
AVELINO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ	<i>Cantar de contrabando. Contos e anécdotas tradicionais e contemporáneas</i> , para desenvolver en colaboración con asociacións locais arredor do anecdotario local e das lendas aparelladas ao patrimonio artístico, arqueolóxico e tradicional no Círculo do Saviño (Sober), AAVV de Zarracós (A Merca), Asociación Cultural Leña Verde de Pol e AAVV Salcedo da Pobra do Brollón	PRESENCIAL / MATERIAL	3.740,00
STEVE DOMÍNGUEZ FERNÁNDEZ	<i>Running no Camiño</i> : 4 representacións da peza "Running" combinadas con vídeos	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS	3.872,00





SOLICITANTE	OBXECTO / TÍTULO	FORMATO	ORZAMENTO
THE ART OF THINGS SL	<i>Guías literatura y Camino</i> , 10 guías turísticas dixitais en versión bilingüe galego-castelán inspiradas na relación entre literatura e Camiño de Santiago por medio de diferentes itinerarios con percorridos planificados arredor dos personaxes literarios vencellados a cada unha das rutas do Camiño de Santiago.	DIXITAL	9.801,00
ASOCIACIÓN ERASMUS DE COMPOSTELA	<i>Curso visual da gastronomía galega</i> , deseñado en formato SCORM e baseado na web, executable desde o sitio web de Erasmus Compostela (erasmus.gal) e universalmente fácil de importar ás principais plataformas de <i>e-learning</i> existentes no mercado.	DIXITAL	10.000,00
MIRAMEMIRA SL	<i>225 KM/24 h</i> , serie documental en catro capítulos de 15' máx. de duración que fai un percorrido transversal (leste-oeste) pola paisaxe galega seguindo o Camiño de Santiago ao longo dun día figurado.	DIXITAL	10.000,00
XABIER PÉREZ VIZCAÍNO	<i>Neno de monte</i> , 100 exemplares do libro-disco homónimo, da autoría de Xabier Vizcaíno + 4 concertos de presentación en acústico con dous músicos; equipo de son e iluminación.	PRESENCIAL / MATERIAL	4.000,00
ZINQIN AUDIOVISUAL SL	<i>Boísimo: productos viaxeiros</i> (documental en HD de 15' de duración), arredor dos camiños de Santiago para coñecer e divulgar produtos viaxeiros singulares da man de Javier Olleros e expertos en gastronomía, investigación e ciencias sociais de Galicia.	DIXITAL	9.900,00
EVA MARÍA MEJUTO RIAL	<i>Camiño da Memoria</i> : contidos web, díptico dixital e cinco roteiros históricos, literarios, artísticos e naturais baseados na obra <i>A memoria do silencio</i> (Eva Mejuto, Xerais, 2019), finalista dos premios Jules Verne. O itinerario inclúe Ribadavia e o Ribeiro, ata chegar a Pontebarxas, fronteira con Portugal, seguindo a pegada das irmáns Touza e as rutas de fuxida dos xudeus na II Guerra Mundial, así como os camiños do estraperlo do café e do wolfram.	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS	4.000,00
CARLOS ÁLVAREZ TABOADA	<i>As E-tapas do Camiño de Inverno</i> , guía gastronómica dixital da Ruta Xacobeá de Inverno, unindo Sobrado de Valdeorras con Santiago de Compostela e inspirado na sección <i>Cuchipandas on the road</i> do programa <i>Gente viajera de Galicia</i> , de Onda Cero, que se emite un venres ao mes.	DIXITAL	3.995,00
MIRANDA PRIESTLY SL	Compra de 934 exemplares impresos da <i>Guía de viaxes de Galicia</i> , publicación de carácter monográfico, periodicidade anual e de tiraxe de 2000 exemplares con prezo á venda de 12 € con distribución gratuíta estratéxica nos principais enderezos sociais, empresariais e administrativos	PRESENCIAL / MATERIAL	9.993,80





SOLICITANTE	OBXECTO / TÍTULO	FORMATO	ORZAMENTO
WORLDRODRONE SL	<i>Camiño da Geira, camiño dos arrieiros</i> , documental de 52' de duración que percorre o Camiño de Santiago desde Braga (<i>Camiño da Geria Romana, Camiño Portugués, Camiño Real</i>), da man de estudosos e investigadores.	DIXITAL	9.993,39
IMAGEN Y COMUNICACIONES DE PONTEVEDRA SL	Videorreportaxe de 15' de promoción da cultura e da gastronomía galega no sector da micoloxía nos montes de Galicia e a súa achega á gastronomía galega a través de contidos audiovisuais de carácter dixital, da man do actor Celso Bugallo.	DIXITAL	10.000,00
LEDICIA COSTAS ÁLVAREZ	3 vídeos dixitais con propostas de actividades arredor das obras <i>A señorita Bubble, Escarlatina, a cociñeira defunta e Vampira de biblioteca</i> + 6 encontros con lectores/as (previa lectura e traballo das obras).	DIXITAL	4.000,00
PROMOCIONES DEL NOROESTE JUST MUSIC SL	<i>Un mantel de contos. Gastronomía e tradición oral. Outono 2020</i> , proposta cultural ligada á tradición oral e gastronómica de Galicia, da man do cociñeiro Diego López "Moli" e do contador Celso Fernández Sanmartín, para desenvolver no Museo Ramón María Aller de Lalín arredor da figura de Álvaro Cunqueiro o 26.09.2020.	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS	9.700,00

A partir da publicación desta resolución na páxina web e dentro do ano natural 2020, as persoas solicitantes dos proxectos seleccionados, segundo a relación prevista no parágrafo anterior, recibirán unha notificación formal da resolución de adxudicación da persoa titular da secretaría xeral de Política Lingüística. Nela, indicaráselles as características esenciais para a adquisición das creacións culturais, lingüísticas e/ou artísticas e/ou dos bens culturais seleccionados e, igualmente, as condicións para a execución doutros servizos; e, así mesmo, de ser o caso, o prazo previsto para formalizar o contrato correspondente e a forma de facturación e de pagamento. logo da correspondente xustificación.





2 Desestimar os seguintes proxectos:

SOLICITANTE	OBXECTO / TÍTULO	ORZAMENTO	PUNTAÇÃO CALIDADE (mín. 35 puntos de 75)	CAUSAS DE DESESTIMACIÓN	FORMATO
MUNDOS DIGITALES TRANSMEDIA SL	O <i>Xogo do Camiño</i> , xogo de mesa didáctico sobre os Camiños de Santiago en formato dixital, multiusuario e interactivo dirixido á rapazada baseado no taboleiro do Xogo da Oca con preguntas.	7.260,00	53,67	Contidos non axustados ás bases	DIXITAL
MACAVI A GUARDA SL	Xornadas de revitalización do comercio local na Guarda a través de actividades musicais, visitas guiadas, gastronomía e tradición, para desenvolver os días 6 e 7 de agosto no Monte de Santa Tegra.	9.995,15	25,33	Puntuación insuficiente	PRESENCIAL / MATERIAL
ARDORA COMUNICACION SLU	Deseño, licenza, programación e mantemento durante 600 días de plataforma web de enoturismo, de promoción do patrimonio vitivinícola das diferentes rutas do Camiño de Santiago, vencellada á D.O. Roteiro do Viño do Camiño de Santiago.	9.500,00	30,00	Puntuación insuficiente	DIXITAL
ARANCHA VILAS PÉREZ	A <i>música na calma de ARIMAGRIT E</i> (disco de vinilo con catro temas musicais + carteis de gran formato para distribuír en concerto + videodip promocionando un espazo cultural e turístico nada coñecido de Galicia sen concretar + roll up).	3.996,63	16,00	Puntuación insuficiente	COMBINACIÓN DE AMBOS FORMATOS
METRÓPOLIS DIXITAL S. COOP. GALEGA	Produción, gravación e edición de 5 vídeo-reportaxes de 5 min. de duración sobre actividades culturais e turísticas (sen concretar) vencelladas ao Camiño de Santiago e ao Xacobeo 2021.	10.000,00	32,00	Puntuación insuficiente	DIXITAL
MARTA VALCARCE GARCÍA	Campaña de difusión de cultura, arte e turismo (sen concretar) para desenvolver en tres meses a través das plataformas dixitais que compoñen a comunidade <i>Me como Vigo</i> .	3.993,00	20,67	Puntuación insuficiente	DIXITAL
ALEJANDRO ALBAICETA CRUZ	Audiovisual <i>Alicerces & Orizontes</i> , vídeo duns 15' de duración sobre unha rapaza de 19 anos descubre as fragas do Eume, o mosteiro de Caaveiro e a taberneira do mosteiro, xuntando historia, cultura, lingua e turismo.	3.990,00	26,00	Puntuación insuficiente	DIXITAL
CIBLE COMUNICACIÓN SL	Documental <i>Galicia fermosa. A música de Juan Vidal Lemiña. Do Carril (1932) a Fontecarmoa (1994)</i> . homenaxe de coñecidos artistas galegos á obra deste compositor	9.982,50	29,33	Puntuación insuficiente	DIXITAL
SALVADOR MARTÍNEZ PARDO	Documental <i>O faro de cabo Silleiro</i> , centrado neste espazo icónico da costa sur de Galicia de 3,39' de duración.	4.000,00	32,00	Puntuación insuficiente	PRESENCIAL / MATERIAL
AZULMADEIRA FOTOGRÁFICA SLU	<i>O Camiño: pegada natural e memoria patrimonial</i> , 90-100 imaxes en alta calidade, arquivos TIFF sen comprimir, arquivos etiquetados por localización para internet e copias en DVD e USB, para desenvolver no Camiño de Santiago desde o Cebreiro ata Compostela.	9.922,00	32,00	Puntuación insuficiente	DIXITAL
LILUX VISUAL TECHNOLOGIES SL	<i>Museo virtual do Camiño de Santiago</i> , contorna virtual 3D dinámica, interactiva e navegable polo usuario co obxectivo de dar a coñecer mellor o patrimonio, a historia e os actos turísticos e culturais da ruta Xacobeo implementada nunha páxina web.	9.619,50	12,67	Puntuación insuficiente	DIXITAL





A presente resolución esgota a vía administrativa e as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE do 2 de outubro de 2015), ou ben interpoñer directamente un recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo previsto legalmente.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital deste documento

O secretario xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez

